

CEIP SAN MARCOS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN MUSICAL

2022 / 2023



Mestra: M^a Dolores Varela Vázquez

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	2
2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	3
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO	7
4. CONTIDOS	10
4.1. TEMAS TRANSVERSAIS	10
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	12
5.1. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	14
5.2. APLICACIÓNS DOS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO	16
6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NEAE	20
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	22
7.1. INDICADORES DE LOGRO E MÍNIMOS ESIXIBLES	23
7.2. TÁBOAS DE COHERENCIA	24
7.3. PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	37
7.4. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS.....	38
7.5. ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN, RECUPERACIÓN E REFORZO.	38
7.6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	38
7.7. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	39
8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	40
9. TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN	40

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A práctica artística é unha actividade social que nace da creatividade humana, polo que se desenvolve por completo dentro dun contexto de participación colectiva, sendo así, un reflexo da sociedade. Formúlase entón, na aula de Música, un traballo dende o coñecemento dos sons e pezas máis próximas até as máis afastadas. Axudando a entender que a música non só se fai ou se coñece, senón tamén, concibir que é un feito cultural que existe e funciona non só nun contexto sociocultural de lonxe, senón tamén no noso.

A presente programación está baseada na lexislación actual, onde a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa que modifica a LOE 2/2006, organiza o funcionamento do noso sistema educativo en 2º, 4º e 5º de primaria e onde a Lei Orgánica de Modificación da LOE 3/2020, do 29 de decembro para 1º, 3º e 5º de primaria. Os contidos a impartir fanse de obrigado cumprimento a través do Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro polo que se establece o currículo básico da educación primaria e do Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria de Galicia. Por último, para atender á diversidade da aula séguese o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Alén disto, teranse en conta as Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023.

A presente PD, poderá ser modificada en calquera momento para ser adaptada a novas instrucións e protocolos de actuación sanitaria.

O centro conta con 281 discentes; en Educación Infantil (77alumnas e alumnos) unha única liña en 5º e dúas liñas en 4º e 6º coma en Educación Primaria (204 discentes). Está situado en Abegondo, terra entre os ríos Mero, Barcés e Gobia e enmarcado dentro da comarca natural das Mariñas dos Frades.

Atendendo aos datos lingüísticos, a lingua predominante dentro e fóra da aula é o castelán, do mesmo xeito que é a lingua vehicular maioritaria do centro e do contorno. Música impártese en galego en toda a etapa primaria segundo a decisión do centro educativo, garantindo que as materias en galego e castelán se distribúan na mesma porcentaxe, e de acordo co decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

CLAVE

Chamamos competencia básica á capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

As competencias básicas constitúen uns mínimos que proporcionan ao profesorado e aos centros referencias sobre os principais aspectos nos que é preciso centrar os esforzos educativos. Van máis aló do “saber” e do “saber facer” ou aplicar, pois tamén levan consigo o “saber ser ou estar”.

A continuación presento as mesmas facendo unha relación coa nosa materia:

Competencia en Comunicación Lingüística - CCL

- Aplicar o vocabulario relacionado cos contidos da educación musical para posibilitar o avance do intercambio comunicativo e a expresión de emocións e opinións persoais.
- Escribir e ler os nomes das notas.
- Aprender rimas, coplas, trabalinguas, contos e adiviñas.
- Ser capaces de elaborar preguntas coherentes sobre os elementos que caracterizan a linguaxe musical e manexar a diversidade de respostas.
- Describir de xeito ordenado e significativo os instrumentos musicais que coñecen.
- Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.
- Expor, de forma ordenada, valoracións relacionadas cos intereses musicais dos nosos compañeiros/as.
- Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas).

Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía - CMCT

- Traballar as figuras musicais, o silencio e a súa duración proporcional.
- Iniciar o ensino dos compases como unidade de medida na música escrita.
- Presentar, completar e construír compases binarios coa negra como unidade de pulso.
- Identificar e reproducir fórmulas e esquemas rítmicos sinxelos.
- Traballar as figuras xeométricas con coreografías que acompañan cancións e danzas.
- Competencia no Coñecemento e na Interacción co Mundo Físico.
- escoitar, diferenciar e valorar as posibilidades sonoras dos obxectos que están próximos ao medio no que viven.
- Coñecer os instrumentos fixándose no material e na súa orixe (arbores, canas, pel ou vexigas de animais, metais...).
- Coñecer visual e auditivamente: animais, as máquinas, os medios de transporte.

- Coñecer os fenómenos atmosféricos, discriminando os sons que xeran, traballando os parámetros do son.
- Tratamento da Información e Competencia Dixital.
- Presentar os aparellos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4, encerado dixital...
- Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos propios da comunidade e doutras culturas.

Competencia Dixital – CD

- Buscar información en internet nos espazos habilitados.
- Traballar cos programas de edición musical para a creación de partituras.
- Investigar cos materiais do centro.
- Utilizar a aula virtual para a consecución da materia dende a escola ou o fogar.
- Entrar nas webs facilitadas para realizar actividades virtuais.
- Completar formularios ou test dixitais para a recollida de información docente.

Competencia para Aprender a Aprender - CAA

- Usar técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar información relacionada con contidos musicais (o subliñado, o resumo, etc...).
- Coordinar diversos recursos expresivos (canto, mimo, movemento rítmico e danza) nas producións musicais propias e colectivas.
- Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros conseguidos por medio da autoavaliación.
- Expor de forma ordenada valoracións relacionadas cos intereses musicais dos nosos compañeiros e compañeiras.

- Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descrições dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
- Elaborar algunha ficha en grupo ou por parellas para aprender uns dos outros na posta en común, respectando as diversas opinións.
- Repetir sos en casa os pasos para acceder á aula virtual.

Competencia Social e Cívica - CSC

- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un bo resultado do grupo. - Respetar as quendas de xogo.
- Respetar e ter actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros. - Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
- Participar na escoita, audición e interpretación de obras musicais sinxelas, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Respetar as manifestacións musicais das diferentes zonas da nosa comunidade.

Sentido da Iniciativa e do Espírito Emprendedor - CSIEE

- Utilizar con precaución e coidado os materiais, instrumentos e aparellos útiles para a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas aos eloxios e ánimos.
- Desenvolver a confianza en si mesmos có apoio para acadar o fin dos obxectivos propostos.
- Representar escenas e personaxes con diferentes recursos: mímica e ritmo.

Competencia en Conciencia e Expresión Cultural - CCEC

- Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
- Respetar as manifestacións musicais e culturais das diferentes zonas da nosa comunidade

- Gozar coa audición e contemplación de manifestacións artístico-musicais da nosa comunidade valorándoas como elementos significativos do patrimonio cultural propio.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

A Área de Educación Artística e a Educación Musical en concreto, contribúen a acadar o desenvolvemento da personalidade que o alumnado precisa, procurando integrar as súas distintas experiencias e aprendizaxes e adaptándose aos seus ritmos de traballo, garantindo así, a formación integral de todos os discentes ao finalizar a Etapa Primaria.

A. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. Trabállase con actividades cooperativas nas que se intercambien opinións, se poñen de acordo na toma de decisións e axuden aos demais ante as dificultades.

B. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. Desenvólvese coas audicións que favorecen un sentido estético persoal e fan captar o esforzo que se atopa na súa realización. Tamén, os traballos de investigación espertan esas calidades.

D. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos. Trabállase coa creación de danzas onde todas as achegas valen o mesmo, co reparto de tarefas nas distintas funcións e resolvendo conflitos para obter un bo resultado.

E. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas. Expresarémonos en galego e escoitaremos, tocaremos e bailaremos pezas galegas e españolas indagando nos seus máximos representantes.

H. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia. Grazas ás danzas, interpretacións instrumentais e audicións, que nos achegarán ás culturas de ultramar relacionadas coa nosa historia, coas que compartimos a orixe da lingua e aspectos culturais.

I. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran. Faranse varias investigacións en internet sobre a historia, personaxes e tipos de música; editaranse pezas sinxelas motivando a aprendizaxe autónoma

J. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. Acadarase cantando cancións e experimentando coa pregunta/resposta; lendo partituras e escribindo outras novas coa notación formal e informal.

K. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Traballarase co movemento improvisado do corpo ante sons e coa aprendizaxe de bailes e coreografías inventadas nas que copien e inventen pasos.

O. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á

cultura e á sociedade galegas. Desenvolverase coa investigación de diferentes personaxes en paridade do mundo da música.

Analizándoos, podemos afirmar que:

- Trátanse de Obxectivos de Etapa posto que formulan capacidades que se pretenden lograr ao finalizar a Primaria.
- As devanditas capacidades son xerais xa que estamos falando dunha etapa inicial que debe contribuír a unha formación básica e xeral.

Descendendo de nivel de concreción curricular, nos documentos oficiais achamos os Obxectivos de Área que “...proporcionan a orientación para a práctica educativa...e constitúen unha concreción das finalidades educativas que se atribúen á área... Considéranse como propósitos ou metas a alcanzar, que se van adaptando progresivamente en función dos resultados da aprendizaxe”. Algúns deles son:

1. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
2. Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.
3. Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.

Neste caso, estes obxectivos, deben ser concretados nos Proxectos de Centro, nas Programacións e nas Unidades Didácticas.

Serven como referente para levar a cabo unha adecuada labor docente e avaliativa, posto que se refiren a aspectos cognoscitivos, procedimentais e afectivo-sociais (equilibrio persoal e interrelación social).

4. CONTIDOS

Para acadar os obxectivos é necesario traballar os contidos. Os descritos polo D. 105/2014 para a materia de Música da Educación Primaria xunto coa súa relación cos obxectivos, competencias, criterios e estándares de avaliación poderanse ver nas táboas de coherencia do punto 7.2.

4.1. TEMAS TRANSVERSAIS

Coñecementos baseados en actitudes, valores e normas que responden a problemas actuais. Como indica o D 105/2014 estarán presentes en toda a etapa de Primaria. Na presente PD contribuiremos ao seu traballo, fomentando o desenvolvemento persoal do alumnado, á súa maduración intelectual e á súa integración na sociedade mediante:

- A **comprensión lectora, expresión oral e escrita**: nas actividades orientadas á busca de información, organización da mesma, posterior recollida por escrito e exposición oral. A comprensión lectora está presente na lectura de textos sobre épocas concretas, compositores e obras, letras de cancións. A expresión oral e escrita encóntranse nas valoracións con argumentacións e vocabulario técnico das audicións escoitadas.

- Valores que fomenten a **igualdade efectiva entre homes e mulleres**: actividades sen asignación estereotipada por razón de sexo do alumnado, relacionándose en igualdade, participando en paridade de xénero, así como coidar a linguaxe na aula para evitar calquera tipo de discriminación.

- Aprendizaxe da **prevención e resolución pacífica de conflitos**: ofrecer axuda, reflexionar sobre ideas de paz e non violencia nas cancións tendo como obxectivo que unha educación sen conflitos é tarefa de todos; empregando a comunicación e o diálogo, será a mellor maneira de superar os problemas. Coa música podemos concienciar da existencia das distintas culturas e os ricos patrimonios mediante danzas, interpretación de instrumentos e a audición, inculcando respecto e valoración sobre os demais.

- **Emprendemento**: desenvolvida na creatividade, presente nas actividades de improvisación e creación, individual como colectiva; na autonomía, necesaria para a práctica vocal e instrumental así como a iniciativa. En grupo, atópase na execución musical e na confección de traballos orientados cara a creación de produtos musicais, nos que se deben tomar decisións para obter un bo resultado final.

- **Desenvolvemento sostible e o medio ambiente**: sensibilizarse cara ó respecto e valoración da natureza con cancións ou audicións. Valorar o silencio e os sons do entorno, así como a construción de instrumentos con materiais de refugallo. Traballar a espera da quenda, favorece a comprensión dos tempos naturais da vida e reforza a paciencia coa natureza e as persoas.

- **Educación cívica e constitucional**: a través dunha participación activa e cooperativa, trabállase nos contextos nos que existe a obriga de xulgar e xerarquizar valores como nas actividades colectivas, onde se valora positivamente a participación, o intercambio de puntos de vista, o respecto polas opinións, etc.

- Mencionar, por último, a **educación para o consumidor** en tanto que resulta necesario espertar unha actitude crítica fronte á masificación de moitas producións musicais.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Os criterios metodolóxicos a ter en conta parten da importancia que se lle debe conceder ao proceso de aprendizaxe, se cabe máis que ao produto ou a aprendizaxe final. Será importante que o alumnado coas limitacións coas que partimos participe, experimente, colabore e goce coa música. O proceso de aprendizaxe seguirá unha orde de: percepción auditiva-comprensiva, imitación e reprodución da linguaxe musical.

A formulación do proceso de ensino-aprendizaxe na Educación Primaria ten un **carácter integrador**. Isto esixe que os distintos aspectos da Educación Artística teñan un tratamento interrelacionado non só dentro da área na que están agrupados, senón tamén cos contidos doutras áreas na medida que varias delas contribúan a desenvolver as mesmas capacidades de comunicación e expresión. O concepto de **globalización** que persegue a nova concepción da Educación Musical evita os compartimentos estancos nos que cada bloque de contidos se desenvolverán illadamente. Un tratamento coherente e global da adquisición da linguaxe musical non pode separar a interpretación vocal da memorización, ou das técnicas de lecto-escritura ou ata dos bailes (limitados nesta altura). Estas formulacións levan, dende unha **visión construtivista**, a aprender primeiro os contidos máis globais, universais e simples. A partir destes abordaranse os máis específicos e complexos, por isto, se é necesario pasar do universal e xeneral ao específico quizais haxa que valorar a iniciación á lectura e escritura, a interpretación de sons como algo máis xeral que a interpretación de nomes de notas.

A **actividade** do alumno debe terse en conta como parte esencial do proceso de ensino-aprendizaxe. Non se debe limitar só á manipulación e acción externa senón que suporá a actividade interna que lle permita exporse a interrogantes e buscar estratexias para

resolvelos, relacionar o que xa sabe con novos contidos que se lle presentan (aprendizaxe significativa). Detectaranse as ideas previas e o coñecemento do punto de partida para iniciar a aprendizaxe dos contidos nun novo curso.

Comezar por actualizar as aprendizaxes do curso anterior non adquiridas fanse fundamentais para poder ampliar aquelas que teñan continuidade no nivel actual que se estea a cursar. Ademais, é preciso favorecer o desenvolvemento daquelas situacións nas que o alumno teña algo que achegar desde a súa propia experiencia persoal recollidas do curso anterior, sobre todo das experimentado durante o confinamento.

Aprender música non se entende como a capacidade de repetir determinadas obras musicais escritas por diferentes autores para ser cantadas ou interpretadas instrumentalmente; interésanos máis ben a capacidade de percibir, cun esquema de coñecemento cada vez máis amplo, a realidade musical para recreala nas interpretacións e, sobre esa base, que cada persoa cree a súa propia música, chegando desta forma a unha **aprendizaxe significativa**. En ningún caso poderemos iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe sen garantir que o alumnado domine os contidos que consideramos requisitos previos.

É necesario prestar atención especial á motivación do neno/a cara a as actividades de comunicación e expresión. O recordo dunha situación, unha observación, unha imaxe ou un texto poden inducir ao alumnado a expresarse. A profesora estará atenta aos momentos nos que poida decaer o interese do alumnado, para favorecer novas posibilidades.

Potenciarase a **creatividade**, espertando a súa curiosidade e a aprendizaxe por descubrimento experimentando as posibilidades sonoras (timbre, valores rítmicos, intensidades, melodías...) as posibilidades expresivas e musicais (invención de melodías), sempre tendo en conta a restrición de movemento na aula. O alumnado desenvolverá a

capacidade de planificar e organizar as súas tarefas a través da espontaneidade e interese pola práctica musical, grazas a un traballo autónomo e á participación activa no grupo-clase. Esta participación será unha forma de traballo que creará un clima de cooperación, de interese e de auténtico entusiasmo polo goce da música.

Respecto a unha metodoloxía máis específica no currículo indícarase que:

- A música abordarase cunha formulación axeitada ao momento psicoevolutivo do alumnado.
- O tratamento dos contidos debe de ser cíclico para asegurar unha progresión en espiral das capacidades.
- O acceso aos contidos conceptuais levarase a cabo, basicamente, a través dos procedementos.
- As actividades de aprendizaxe serán variadas, permitindo distintas vías e graos de dificultade.
- Os materiais didácticos serán diversos con maior ou menor grao de complexidade e ligados aos contidos obxecto de traballo.
- Os agrupamentos permitirán coordinar o traballo individual cos dos pequenos grupos e co gran grupo-aula.

Música será impartida na aula específica da materia e excepcionalmente o exterior dela, deixando a aula xeral de cada curso para momentos puntuais como en 5º e 6º para dar uso dos ordenadores EDIXGAL.

5.1. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para que os alumnos consigan assimilar os obxectivos deseñados, necesitan materiais como os que se presenta a continuación, os cales permiten ser tratados desde moitos

puntos de vista e adaptalos á realidade de cada aula e alumnado. Os devanditos materiais, permiten ao mesmo tempo establecer distintas estratexias de aprendizaxe dos contidos procedimentais, que son os que actúan como eixos vertebradores do currículo de música.

Os **recursos audiovisuais** son medios valiosísimos para aproximar a realidade cando non está ao alcance. A utilización dos aparellos esixirá o desenvolvemento de actitudes de coidado e respecto cara ao uso colectivo dos mesmos, de procedementos de organización, arquivo e clasificación, e a combinación e organización de tempos e espazos compartidos.

É evidente que cantos máis ricos sexan os recursos, máis sinxelo e variado será o traballo co alumnado, pero non debemos esquecer que os principais recursos están en nós mesmos, que a imaxinación, a creatividade e a ilusión son os principais recursos que debe ter o profesorado. Non podemos esquecer tampouco que, ante a falta de recursos instrumentais o material de refugallo pode servirnos de gran axuda.

Os materiais persoais dos que disporá cada discente por curso son:

1º: Cartafol e libro Galinova.

2º: Cartafol, libro Galinova e fruta a partir do 2º trimestre.

3º e 4º: Cartafol, libro Galinova, funda plástica e fruta.

5º e 6º: Cartafol, funda plástica, caderno pautado e fruta.

Entre os recursos que podemos empregar para o desenvolvemento das actividades, dividiranse segundo sitio onde poidan ser usados:

1. Para traballar **na aula de música**:

o OBXECTOS SONOROS: non estritamente de música, que podemos atopar en bazares ou xogueterías, como poden ser: carracas, chifres, campaiñas, martelos sonoros, ...

o MATERIAL DE REFUGALLO: que poden achegar os discentes facendo un traballo de campo por petición da docente: papeis, pedras, cartóns, plásticos, barro, vidro, madeira, envases, obxectos metálicos (chapas, botes, ...).

o INSTRUMENTOS de percusión de son indeterminado (madeira, metal, membrana) e determinado (madeira: xilófonos soprano alto e baixo; metal: carillóns soprano, contralto e metalófonos soprano, contralto e baixo).

o INDISPENSABLES: reprodutor de música ou CD para reproducir gran variedade de cancións, audicións...; encerado e ordenadores individuais (5º e 6º); retroproyector; vídeo ou DVD.

2. Na aula xeral de cada unidade, destacamos os seguintes usos:

o INDISPENSABLES: reprodutor de música ou CD para reproducir gran variedade de cancións, audicións...; encerado e ordenadores individuais (5º e 6º); retroproyector; vídeo ou DVD.

3. Entre os recursos que se poderán empregar **en emprazamentos o ar libre**, poderán ser:

o INSTRUMENTOS: frauta doce soprano, pequena percusión.

5.2. APLICACIÓNS DOS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

PROXECTO LECTOR.

O alumnado de educación musical participa, conxuntamente co resto de alumnas e alumnos do centro, no Proxecto Lector, co que pretendemos fomentar a lectura como fonte de ledicia e lecer. Como sabemos que é moi importante o reforzo da familia para que o plan lector non se limite ao campo escolar, este é un punto clave nas reunións de principio de curso, nas que tentamos convencer ás nais e aos pais da súa relevancia como modelos de conduta a seguir por parte das súas fillas e/ou dos seus fillos.

Neste momento, en que a lectura mecánica debera estar ben consolidada, é a ocasión de traballar a afección pola lectura como alternativa no tempo de lecer, pero tamén de reforzar a importancia que ten para consolidar saberes, para a busca e contratación de información; polo tanto, xunto coa lectura reforzaremos técnicas como o esquema ou o resumo ou a produción de textos propios baseados en modelos máis complexos.

Queremos que as actividades de fomento da lectura realizadas na aula posibiliten a participación de todos, o achegamento e o diálogo entre uns e outros, para formar grupos cohesión dos que compartan empeños, metas e ilusións e, ao mesmo tempo, respalden a autonomía persoal nun marco de relación cooperativas. Precisamos ambientes dinámicos, susceptibles de cambios segundo a natureza do traballo formulado.

Poderíamos resumilo todo en tres grandes bloques:

- ▶ SABER LER Ensinar e reforzar competencias de lectoescritura
- ▶ QUERER LER Estimular a motivación e o gusto pola lectura
- ▶ PODER LER Xerar ambientes propicios e ofertar materiais atractivos para a práctica lectora

En calquera dos supostos aproveitamos as cancións para traballar a comprensión e a atención, máis nas dúas modalidades últimas aproveitamos para traballar a velocidade lectora, a entoación, a expresividade e a prosodia propia de cada texto.

Finalmente, contamos cunha biblioteca e discoteca de aula preparada para realizar préstamos ao alumnado e para poder traballar na clase co material bibliográfico que complementa a biblioteca escolar onde cada titoría poderá acceder á súa. Estas sesións se desenvolven con xogos literarios, lectura silenciosa, busca de información no material bibliográfico ou en internet, etc.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Non esquecemos a grande importancia que ten, na sociedade actual, o dominio das tecnoloxías da información e, polo tanto, tratamos que as nenas e os nenos, dispoñan de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información.

A participación activa do curso no Plan de Introducción das Tecnoloxías da Información e da Comunicación lévase a cabo ao longo de todo o curso. O profesorado realiza actividades relacionadas coa obtención de información e a presentación de traballos na aula de TICs. En Música, traballaremos os seguintes obxectivos: utilizar de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información; recoñecer os compoñentes dun equipo e as súas funcións; usar con axuda as TICs para escribir e presentar textos; realizar actividades educativas secuenciadas segundo a dificultade.

Así mesmo, Para traballar as TICs de forma individualizada e sistemática dentro da programación inclúese unha sesión mensual na aula de informática. Ademais desta sesión, tamén faremos tarefas como: utilizar os ordenadores da aula para a procura de información; empregar os CD-ROM de recursos interactivos para a realización das actividades; empregar programas virtuais que ofrecen actividades interactivas de reforzo e de ampliación dos contidos.

No 5º e 6º curso de primaria, implementouse o uso da aplicación EDIXGAL, polo que dende Música utilizarase devandita ferramenta para a mellora da calidade educativa neste curso. Traballando coa posibilidade de que cada discente poida de forma individual e colectiva traballar dende o seu ordenador.

Para a valoración destas tarefas utilizaranse a observación directa; a busca de información axeitada; a exposición de traballos de investigación, de forma escrita e oral; e a

resolución das actividades propostas nas aplicacións educativas pertinentes.

A utilización da robótica na aula de Música servirá para fomentar a implementación do seu uso didáctico no centro.

PROXECTO LINGÜÍSTICO

Tanto o profesorado como o alumnado do curso participa activamente nas actividades propostas polo equipo de dinamización lingüística: recollida de lendas populares galegas, refráns e adiviñas; respecto polas diferentes linguas que se usan en Galicia, respecto polas linguas e culturas estranxeiras, valoración da riqueza cultural que supón ser capaz de expresarse en varias linguas...

Como actividades incluídas no proxecto lingüístico do centro que tamén o están nesta programación destacamos: celebración do Magosto e o Antroido, conmemoración do Día das Letras Galegas, celebración do Día de Rosalía ... que contan con actividades tradicionais musicais.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Partimos do respecto ás normas de obrigado cumprimento que recollemos no Plan de Convivencia que están visibles na aula, para cando a situación o requira darlle lectura.

Os obxectivos que nos propoñemos son: participar nas distintas actividades programadas para potenciar as actitudes positivas; implicar a todo o alumnado así como as súas familias e ao profesorado para fomentar a tolerancia, o respecto e a solidariedade.

O tipo de traballos que se coordinan dende a clase de Música son: xogos cooperativos, traballo en equipo, debates, interpretación musical en común. E para a valoración destas tarefas utilizaranse a observación directa.

6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NEAE

A atención á diversidade parte da valoración inicial dos alumnos e das alumnas para establecer unha programación que se axuste ás súas características: situación económica e cultural das familias, rendemento do alumnado en cursos e etapas anteriores, personalidade, afeccións, intereses... Para obter esta información recorreremos ás fichas do centro e á información facilitada polas familias, a enquisas e cuestionarios, revisamos os expedientes do alumnado para ver a súa evolución e desenvolvemento ao longo dos diferentes cursos da etapa primaria, os consellos do D.O., etc.

As vías propias de atención á diversidade son as estipuladas pola lexislación vixente e ademais dos reforzos e das adaptacións curriculares máis ou menos significativas que poden dar resposta ao alumnado que presente dificultades serias para alcanzar os obxectivos propios do seu nivel en varias áreas, contemplamos tamén a posibilidade de modificar tempos, agrupamentos, metodoloxía, materiais, etc. para facilitar o proceso educativo de cada alumno e/ou alumnado considerados individualmente.

❖ **Contidos:** Dentro do conxunto de conceptos, procedementos e actitudes que asignemos para a súa aprendizaxe por parte do alumnado a cada área e curso, estableceremos unha diferenciación entre información básica e información complementaria. É dicir, en primeiro lugar fixaremos un corpo de contidos esenciais que deben ser apreendidos por todos para alcanzar os obxectivos previstos. A partir de aí, consideraremos outra serie de contidos que poderán ser traballados ou non en función das peculiaridades e necesidades de cada alumno.

❖ **Actividades:** A súa organización farase por categorías en función da súa distinta finalidade. Por un lado, contemplaremos actividades de reforzo, de consolidación daquelas

aprendizaxes que consideramos básicas; para iso, o nivel de dificultade das tarefas propostas estará en consonancia coa accesibilidade media que caracteriza á información esencial. Por outro lado, deseñaremos outro tipo de actividades máis diversificadas que impliquen ben unha complexidade maior, ben unha ampliación da perspectiva do tema traballado.

❖ A atención á diversidade na metodoloxía. Na aula contemplaranse tanto a funcionalidade e uso real dos coñecementos como a adecuación destes aos coñecementos previos do alumnado.

❖ A atención á diversidade nos materiais. A utilización de materiais complementarios distintos do libro base permite a diversificación dos procesos de ensino e aprendizaxe. De forma xeral, este tipo de materiais perseguen o seguinte:

- Consolidar contidos nos que a adquisición por parte dos alumnos e alumnas supón unha maior dificultade.
- Ampliar e profundar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área.
- Practicar habilidades instrumentais ligadas ós contidos de cada área.
- Enriquecer o coñecemento daqueles temas ou aspectos sobre os que as alumnas e /ou os alumnos amosan curiosidade e interese. O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. O obxectivo último ha de ser proporcionar a cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, tratando sempre de que esa resposta se afaste o menos posible das que son comúns para o resto da poboación do seu grupo de referencia.

O alumnado destas características beneficiaranse dun tratamento individualizado a

través das seguintes adaptacións curriculares:

- ▶ Cambios metodolóxicos.
- ▶ Prioridade nalgúns obxectivos e contidos.
- ▶ Modificacións no tempo de consecución dos obxectivos.
- ▶ Adecuacións nos criterios de avaliación en función das súas dificultades específicas.

Non obstante, o seu maior ou menor afastamento do currículo básico dependerá da avaliación e diagnóstico previo de cada alumno, que deberá realizar o Departamento de Orientación baixo a demanda do profesorado titor.

Finalmente, un aspecto importante na atención á diversidade é a xestión do tempo que deberá guiarse por dous criterios: a adaptación ás peculiaridades especiais de cada alumno e a flexibilidade horaria. Así, algunhas actividades requirirán tempos máis prolongados (talleres, saídas) e outras máis reducidos, debido á fatiga, falta de concentración ou outros motivos.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación ven recollida no D. 105/2014 do 4 de setembro, onde se indica que esta será continua e global xa que se trata dunha avaliación que precisa estar presente en tódolos aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe tendo en conta o seu progreso e non reducíndose a comprobar os resultados. Ademais, tense en conta a Orde do 9 de xuño de 2016 polo que se regulan a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria.

Por outro lado, a Orde ECD/65/2015 do 21 de febreiro expresa cós criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe da PD deben medir o grado de consecución de cada competencia; ao estar estas relacionadas cos contidos e cos obxectivos, a súa adquisición será avaliada, igualmente, polos criterios de avaliación e, polo tanto, polos correspondentes estándares de aprendizaxe. Estes serán avaliados cunha puntuación numérica a final de cada trimestre do 1 ao 10.

No referente aos materiais: o cartafol, libro, caderno e os documentos (fichas, ...), por un lado valorarase equitativamente o grado de realización das tarefas e a partir de 3º tamén se terá en conta a ortografía. Por outro lado, a presentación onde se terá en conta: a orde e a limpeza.

A actitude na aula será valorada positiva ou negativamente e influirá na avaliación final. Ademais e de forma independente, a actitude na aula poderá influir positiva ou negativamente na superación específica dun estándar traballado nese intre.

En conxunto, a dedicación aos materiais e tarefas valerá un 10% da nota final, a actitude un 10% e para os Estándares da materia un 80%.

Así mesmo dicir que, posto que a Educación Musical está á par coa Educación Plástica dentro da Área da Educación Artística, á hora de establecer unha valoración final, farán media aritmética para acadar a cualificación de área e deben estar as dúas aprobadas.

7.1. INDICADORES DE LOGRO E MÍNIMOS ESIXIBLES

O proceso de avaliación realizarase tendo en conta os estándares de aprendizaxe que o currículo nos proporciona, partindo, de cada un deles, un indicador mínimo é indispensable para chegar ao 5.

7.2. TÁBOAS DE COHERENCIA

2º CURSO

OBX.	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN (B 50% - I 34% - A 16%)	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
						1º T.	2º T.	3º T.		
BLOQUE 1. ESCOITA (47%)										
j b	<p>B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.</p> <p>B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.</p> <p>B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.</p> <p>B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.</p> <p>Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.</p> <p>B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.</p> <p>B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.</p>	B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	5% B	CCEC CAA	X	X	X	Manipula as calidades sonoras dos instrumentos musicais da aula.	Escala de observación
			EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	3% I	CCEC	X	X	X	Representa graficamente estas calidades: Longo –curto Ascendente – descendente Forte –piano	Material estrito
			EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	5% B	CCEC	X	X	X	Recoñece os sons tímbricos dos instrumentos musicais principais	Material estrito
			EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.	2% A	CCEC CD	X	X	X	Coñece algunha aplicación informática para traballar a discriminación auditiva	Escala de observación
			EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.	3% I	CCEC	X	X	X	Diferencia as voces masculinas das femininas e voces brancas	Material estrito
j b	B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.	B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.	5% B	CSC	X	X	X	Mantense en silencio durante as audicións musicais	Escala de observación

j d o	B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.	B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónas coas súas obras.	1% A	CCEC CAA			X	Recorda algúns compositores e relaciónas coa súa obra.	Material estrito
	B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego. B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).		EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.	5% B	CSC CCEC CAA	X	X	X	Coñece a funcionalidade das figuras de: -director -instrumentista -público	Material escrito
j e	B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada. B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.	B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	2% A	CCL CCEC	X	X	X	Identifica os posibles sentimentos que pode transmitir unha obra musical.	Material estrito
			EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	3% I	CCL CCEC	X	X	X	Emprega e coñece o vocabulario básico musical: pentagrama, clave, notas musicais.	Material estrito
			EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.	1% A	CSC	X	X	X	Coñece as normas de comportamento nos concertos e representacións musicais	Rexistro diario
j	B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter. B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada. B1.15. Forma musical: repetición e contraste. B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.	B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.	5% B	CCEC CAA	X	X	X	Representa e coñece elementos básicos da linguaxe: longo – curto, rápido-lento, forte-piano, agudo-grave.	Material estrito
			EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do	2% A	CCEC	X			Comprende a notación non convencional relaciónándoa coa audición.	Rexistro diario

	B1.17. Pulso e acento. Compás binario.		son.							
			EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	1% A	CD CCEC	X	X	X	Emprega as actividades colgadas na páxina web do centro para a práctica das actividades musicais.	Escala de observación
j	B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.	B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	4% I	CCEC		X	X	Recoñece e identifica os instrumentos de percusión.	Material estrito
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL (38%)										
j	B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos. B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.	B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.	5% B	CMCCT CCEC	X	X	X	Repite esquemas rítmicos baseados en negras, brancas e corcheas.	Rexistro diario
			EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	5% B	CSC CAA	X	X	X	Coñece as posibilidades de elaboracións de instrumentos musicais con materias cotiáns.	Rexistro diario
